

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Os datos da Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrarias de Galiza, realizado polo INE, correspondentes ao exercicio 2013 e publicados en decembro de 2014, mostran varias cuestións transcendentales na súa evolución con respecto aos mesmos datos no ano 2007:

- 1) O número de explotacións descende de 88.037 a 79.321, o que significa un ritmo anual de -1,65 %.
- 2) Prodúcese un envellecemento preocupante da poboación agraria, xa que o número de titulares de explotacións menores de 40 anos pasa de 7.261 en 2007, a 3.640 en 2013. Mentres que en 2007 representaba o 8,5 % dos titulares, en 6 anos pasa a ser menos do 5 %.
- 3) Pola contra os maiores de 60 anos pasan do 51% ao 59,9%.

Ante estes datos o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia dos datos sobre o envellecemento da poboación agraria publicados polo INE?
- 2) Cales son os datos de fracaso de mozos e mozas incorporados á actividade agraria?



3) Cales son as medidas que pensa levar a cabo a Consellería de Medio Rural para que non se continúe polo camiño do envellecemento da poboación agraria?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 06/04/2015 11:00:42